



Xornadas de convivencia e xuventude

“Portomariñeando en Belesar”

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión as **Xornadas de convivencia e xuventude “Portomariñeando en Belesar”**, as que se levaran a cabo no *albergue xuvenil da Xunta de Galicia “Benigno Quiroga”* destinados á rapaces e rapazas durante o seu tempo libre estival participando en actividades da educación non formal de carácter lúdico, cultural, deportivo, formativo tendo en conta a reserva da biosfera da Ribeira Sacra do embalse de Belesar da que forma parte a nosa vila.

As xornadas levaranse a cabo dende o 21/08/2024 (mércores) ata o 25/08/2024 (domingo); a estadía será de 5 días e 4 noites. O nº de prazas é de oito en réxime de aloxamento e pensión completa. De balde.

O concello de Portomarín a través da súa posta en marcha pon a disposición das familias este recurso coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da veciñanza de Portomarín; ao tempo que se ofrece unha alternativa de ocio para a rapazada do concello.

1.- POBOACIÓN DESTINATARIA E REQUISITOS

As xornadas están dirixidas á poboación xuvenil entre 9 e 14 anos de idade. Terán prioridade no acceso a praza os rapaces/as empadroados na localidade de Portomarín. A persoa solicitante deberá estar empadroadada na vila de Portomarín cunha anterioridade de seis meses á realización das actividades.

Nos casos de divorcio onde o/a proxenitor/a empadroadado/a na vila ostente a custodia da/o menor durante este período; terán igualdade de condicións que os/as empadroados.

As persoas que presenten unha discapacidade deberán de ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van a desenvolver. Unha mobilidade acorde coas características da instalación





Concello de Portomarín

que se solicita. Ademais de non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.

Serán obxecto de estudo todas as situacións susceptibles de servizos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral. A valoración será realizada polos Servizos Sociais municipais. No caso de existir prazas dispoñibles e realizarse a actividade estas poderán ser ocupadas sempre e cando se cumpran os requisitos a través dun informe do departamento dos servizos sociais municipais.

Os/as solicitantes que non cumpran os requisitos non poderán participar no programa.

2.- QUE INCLÚE

- Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da persoa moza.
- O aloxamento no albergue “Benigno Quiroga” de Portomarín.
- A manutención en réxime de pensión completa.
- O material necesario para a actividade xuvenil.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre.
- Atención sanitaria e seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Coa aceptación das presentes bases no momento da solicitude os representantes/as dos/das menores prestan o seu consentimento ao desprazamento dos mesmos ás distintas instalacións sempre acompañados polo persoal responsable.

A empresa xestora habilitará un teléfono onde as familias poderán poñerse en contacto para calquera cuestión. Asimesmo proporcionarse ás familias unha carta informativa previo ao comezo das xornadas.





Concello de Portomarín

3.- PROCEDEMENTO PARA SOLICITUDE

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello.

As solicitudes serán cursadas por unha persoa adulta, responsable do/a menor, mediante o modelo de solicitude facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I).

O prazo de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación das presentes bases na sede electrónica municipal, taboleiro de anuncios ou calquera outro medio que se considere idóneo co obxecto de promover a súa difusión pública. O prazo será de 7 días hábiles. A presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases.

As solicitudes e documentación complementaria poderá presentarse a través da:

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante e dos/as titores legais.

Aqueles/as participantes que realizen unha inscrición dentro do ano natural no programa “Portomarín concilia e/ou lúdico” non deberán de aportar documentación complementaria sempre e cando non varíen os datos aportados anteriormente. Será responsabilidade dos solicitantes á comunicación de calquera variación sobre os datos facilitados ao concello de Portomarín.





Concello de Portomarín

4.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

É requisito indispensable para a adxudicación de praza cumprir os criterios de idade.

Terán prioridade na asignación de praza as persoas empadroadas na vila de Portomarín fronte as non empadroadas. No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, a orde de prioridade será a orde no nº de entrada de rexistro da solicitude.

5.- PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas. No caso das persoas excluídas por erro na presentación da solicitude, haberá un prazo de dous días hábiles para a súa subsanación.

6.- FUNCIONAMENTO E NORMAS DE CONVIVENCIA

As persoas participantes estarán acompañadas en todo momento por persoal cualificado, que reúne a titulación e cumpre os requisitos para traballar de xeito habitual con menores. Este persoal poderán ser propio do concello, ou ben, contratado pola empresa adxudicataria do/s servizo/s.

A instalación na que se fará a entrada e recollida dos/as participantes será no albergue xuvenil “Benigno Quiroga” sito en Avd. de Sarria,20: 27178-PORTOMARIN (Lugo).

Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se desenvolvan os servizos, de ningunha persoa axena aos servizos; é dicir, só terán acceso a ditos espazos as persoas participantes, o equipo técnico que desenvolve a actividades e o persoal responsable da coordinación dos servizos e/ou das instalacións.





Concello de Portomarín

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Non abandonar as instalacións sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras ou titoras ou persoa debidamente autorizada por estas, e será responsabilidade delas o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións xuvenís, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención existentes no momento do desenvolvemento das actividades e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.
- Poderán ser expulsadas as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

Equipamento necesario

Os/as participantes deberán de levar útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, luvas, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e aquel outro equipamento que se indique nas cartas informativas previas ao inicio das actividades.

7.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN

As actividades poderán sufrir modificacións, suspensións parciais ou a total cancelación, se existisen causas de forza maior que motivasen a aplicación de estas medidas, para garantir a seguridade e saúde das persoas participantes, do equipo de profesionais, e das familias.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes coa maior brevidade posible.





Concello de Portomarín

Asinado electrónicamente á marxe do documento

O Sr. Alcalde – Presidente

Pablo Rivas Folgueira





Concello de Portomarín

XORNADAS DE CONVIVENCIA E XUVENTUDE

“PORTOMARIÑEANDO EN BELESAR”

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS DO/A MENOR (cubrir unha solicitude por cada participante)

Nome e Apelidos:			
DNI (en caso de telo):		Nº tarxeta sanitaria:	
Data de nacemento:		Idade:	
Dirección:			
Localidade:		Provincia:	
Teléfonos:			
En caso de solicitude conxunta, ¿quén é/son a/s outra/s persoa/s solicitante/s?			

DATOS PERSOAIS PAI/NAI/TUTOR/REPRESENTANTE LEGAL DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
En caso de separación ou divorcio, especificar quén é a persoa que ostenta a custodia nas datas da actividade.			

OUTRAS PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	





Concello de Portomarín

DATOS MÉDICOS DO/A PARTICIPANTE

De ser o caso, enfermidades infecto-contaxiosas e/ou calquera outra patoloxía que padeza a persoa participante:

Patoloxías	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta de tratamento: (só se a trae as actividades)
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	

De ser o caso, alerxias, intolerancias o particularidades alimenticias da participante:

Alerxia, intolerancia e/ou particularidades alimenticias	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta de tratamento: (só se a trae as actividades)
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	

Facer referencia a calquera circunstancia e/ou necesidade que a persoa participante poida presentar durante o desenvolvemento das actividades:

Discapacidade recoñecida	Grao	Necesidades que pode presentar:
Outras circunstancias sanitarias a ter en conta		

OUTROS DATOS E INFORMACIÓN RELEVANTE DO/A PARTICIPANTE

Sabe nadar	SÍ	NO
Autoriza á publicación e uso de imaxes recollidas durante a realización das actividades “Portomariñeando en Belesar”	SÍ	NO





Concello de Portomarín

Á firma e presentación da solicitude supón a aceptación das bases da convocatoria.

En Portomarín, a _____ de _____ de 2024

Firma: _____

